

Texto tirado de J.Hoberman: *An army of phantoms: American movies and the making of the Cold War*. The New Press, 2011, p. 233-237.

Magos e bruxas e cousas que asexaban na noite: a realidade social americana fora alterada e con ela a fantasía colectiva. A retórica política mudou as convencións do xénero. O duro detective agora era o ultra-violento vixiante vingador. Así como McCarthy, segundo o seu biógrafo Richard Rovere, valoraba por riba de todo «a súa reputación pola dureza, a crueldade, incluso a brutalidade» o McCarthismo foi anticipado polo ficcional investigador privado Mike Hammer. Hammer era o detective máis sádico da ficción criminal, e o seu creador Mickey Spillane foi o escritor norteamericano de máis éxito comercial durante a primeira fase da guerra fría. Entre 1947 e 1952, cando Spillane se converteu en Testemuña de Xehovah (como os pais do presidente cara o final das súas vidas) e retirouse temporalmente, as súas novelas, incluíndo *Eu, o xurado*, *A miña pistola é rápida*, e *A vinganza é miña*, venderon preto de 24 millóns de copias.

O escritor concibiu un novo tipo de salvador que era detective, xuíz, xurado e executor a un tempo, un asasino vixiante para quen os fins xustifican os medios. Un home humilde. De certo xeito, Hammer respectaba o FBI e a policía (que reciprocamente o adoraba). El -e só el- comprendía que eses profesionais estaban constringidos, coas mans atadas. Na súa primeira aparición, Hammer explicáballe ao xefe do escuadrón de homicidios que mentres que un axente se atopaba atado por todo tipo de regras e regulacións e debía responder ante o seu superior no departamento, el, Hammer, non o estaba: «Algún día, dentro de pouco, terei unha barra nos meus mítóns e un asasino na miña fronte. Vou mirar a cara do asasino. Vou estamparlle xusto na cara e, cando estea morrendo no chan, voulle rebentar os dentes dunha patada».

Deste xeito, Spillane ofrecíalle aos seus lectores o Matón Patriota esencial, o anoxado Home de Deus, análogo aos evanxelistas iracundos e precursor das personalidades da radio, así como de caracteres ficcionais como o Vixilante Legal, Harry o Sucio. Algúns viron o individualismo esaxerado de Hammer como unha consecuencia involuntaria da revolución dos libros de peto que pretendía levar a literatura ás masas. Na primavera de 1952, os editores do Partisan Review fixeron notar que o implacable crecemento da cultura de masas creara «un novo obstáculo: o artista e intelectual que quere formar parte do modo de vida norteamericano enfróntase a unha cultura de masas que lle fai sentir que aínda está a mirar todo desde fóra» un alien ao seu pesar. Os Estados Unidos prometían a liberdade cultural pero producían outra cousa. Mike Hammer era a personificación de pesadela da democracia cultural, tal e como Joe McCarthy sería o pesadela da democracia política.

Por suposto os liberais pusilánimes e aprehensivos estaban horrorizados por Hammer, incapaces de comprender que só el podía garantir a súa liberdade. Hammer loitaba principalmente contra criminais, pero na súa primeira aventura post-macarthista de 1951, *Unha noite solitaria*, volveu a súa atención cara outro mal. Hammer politizouse. Cara o fin da novela alédase de ter «matado máis xente que dedos teño nas miñas mans. Mateinos a sangue frío e gocei cada minuto... Eran comunistas.» Eses comunistas domésticos, explica Hammer, «creran que todos nós eramos tan brandos e estúpidos como bostas de cabalo». É nese momento no que Hammer dáse de conta por que a sociedade tolera e incluso alimenta a súa propia podremia. El recoñece o seu propósito: «Vivo só para rematar co lixo e os piollos... Vivín para matar para que outros puidesen vivir... Eu era o mal que se opuña ao outro mal.»

O gran Jim McLain, filme no cal John Wayne interpreta a un recio detective do Comité de Actividades Antiestadounidenses que desfai un complot comunista para tomar Hawai, era unha sincera glorificación da visión do mundo Hammer-Macarthista. *Furto en South Street* de Samuel Fuller, filme clasificado na categoría B (“moralmente ofensivo nalgunhas das súas partes”) pola Lexión da Decencia e estreado en xuño de 1953 uns cantos días despois de que Eisenhower alertara contra os que queiman libros, era á vez máis matizado e máis extremo. Sen medo a empuxar unha situación ata os bordos do ridículo, Fuller imaxinou un carteirista -ou o que é o mesmo, un ladrón profesional e a personificación do *laissez-faire* capitalista- que acababa tendo no seu poder un Segredo Vital. Que pasa entón?

Furto en South Street fora concibida durante a campaña que deu filmes como *O gran Jim McLain* e *O meu fillo John*; e escrita e filmada durante o verán e o outono de 1952, en medio dunhas eleccións presidenciais dominadas en grande medida polas acusacións de McCarthy de que os Demócratas eran responsábeis de vinte anos de traizón.¹

O filme era o segundo traballo de Fuller para o xefe de estudio da Fox, Darryl F. Zanuck. Este entregoulle un drama xudicial sobre unha avogada que namora dun criminal, pero Fuller propuxo cambiar tanto o ambiente como a premisa: “Quería facer unha historia que estivese ambientada entre os verdadeiros criminais. Gústanme”. Poboada por xente dos baixos fondos- un carteirista, unha confidente profesional e, como a describiu o propio Fuller, “unha puta con poucas luces”, cun poli airado que pon o toque humorístico – a metade de *Furto en South Street* está situada no metro e nos arredores da Ponte de Brooklyn, desenvolvéndose o resto en comisarías de policía, pensións de mala morte do Bowery e antros de tallaríns chineses abertos toda a noite. Segundo Fuller, “Zanuck dixo: “que tipo de personaxes me traes aquí? Tes que poñer unha subtrama de mozo “riquiño” e moza nesta cousa.” Pero non o cambiei”. No seu lugar, engadiu un gancho de actualidade.

“Todos os xornais estaban a falar na época de Klaus Fuchs”, lembra Fuller na súa autobiografía. “Richard Nixon acababa

¹ A pesar de que se asume a miúdo que é un dereitista, Fuller era simpatizante de Stevenson, ata o punto de organizar, durante un parón na rodaxe de *Furto en South Street*, unha festa para recadar fondos para o candidato demócrata: “Todo o mundo que era alguén en Hollywood, sen importar a súa orientación política, veu á miña festa”, conta Fuller nas súas memorias.

HAMMER, AS CAZAS DE BRUXAS E FURTO EN SOUTH STREET

J. Hoberman

de ser elixido candidato republicano para a vicepresidencia, facéndose un nome co discurso embusteiro que fixo sobre Alger Hiss... Quería burlarme do estúpido clima de guerra fría dos cincuenta." Ou se cadra Fuller quería participar nesa estupidez e celebrar a súa vitalidade. O Skip McCoy de Fuller era un tipo duro dunha clase distinta ao que representaba o Jim McLain de John Wayne -inda que, no seu pragmatismo implacábel, ambos compartían certas características con Joe McCarthy.

Furto en South Street ábrese nun vagón de metro ateigado e abafante cunha brillante montaxe muda de vixilancia, furto e tensión sexual: vixiada por un par de incrédulos axentes do FBI, McCoy (Widmark) apaña habilmente a carteira da dama de aspecto soñador e dalgún xeito vulgar que estes están a seguir. Candy (Jean Peters) non é só a presa de Skip, senón tamén, tras ser recrutada polo seu mozo Joey (Richard Kiley), a mensaxeira inconsciente dunha rede de espionaxe comunista.

Skip é de seguido sinalado pola adorábel confidente Moe (Thelma Ritter), que vende a súa identidade primeiro ao FBI e despois a Candy, enviada por Joey para recuperar o microfilme roubado. Cando o levan para ser interrogado, Skip dáse conta do que posúe e empeza a xogar as súas cartas para acadar o premio gordo. *Furto en South Street* comparte elementos con *noir anti-comunista* como *Casei cun comunista* ou *Fun un comunista para o FBI* pero, a diferenza destes, non fai unha simple analogía entre o comunismo e o crime organizado. No canto diso, o filme reduce o capitalismo ao seu común denominador, o egoísmo máis desvergonzado, e propón isto como a alternativa americana ao inimigo colectivista. Os Estados Unidos e a Unión Soviética aparecen como entidades económicas rivais. "Isto é o mundo dos grandes negocios", explícalle Joey a Candy (que, descoñecendo a axenda política comunista del, cre naturalmente que é un criminal).

A visión de Fuller do confidente é igualmente complicada. Moe vende a Skip a calquera que non sexa un comunista: "Mesmo no noso traballo desprezábel hai que marcar a liña que non se pode cruzar nalgún lugar." Candy case morre por non querer darlle a Joey o enderezo de Skip. Así como o rol do confidente vai ser xustifico un ano despois no célebre filme de Elia Kazan -e os arquivos que desclasificou o FBI mostran como os Rosenberg poderían terse salvados se desen nomes-, os personaxes de Fuller son inflexíbeis no seu rexeitamento a falar. Irrracionalmente leais a Skip, Candy e finalmente Moe son o equivalente das testemuñas hostís que se negaron a revelar as súas asociacións políticas ao Comité -mesmo se odian aos "roxos".

Así, *Furto en South Street* empuxa o estilo anti-comunista de McCarthy a través do espello ata volverse unha parodia de si propio. América vai ser protexida polos seus parias -a mesma xente que encarnaba a epidemia de *Pánico nas rúas*. Ademais

actúan por necesidade persoal dun xeito que é considerado antipatriótico. "Estásme a ondear a bandeira na cara?", Skip rosma en resposta ao discurso trillado dun axente do FBI que o ameaza de maneira non demasiado sutil se rexeita cooperar con converterse noutro Rosenberg, "tan culpábel como os espías que lle deron a bomba atómica a Stalin".

Furto en South Street ve o macarthismo á vez como unha política de matóns e como unha forma reflexiva do americanismo, máis que como unha posición política. Segundo a análise de Jacques Ellul, o macarthismo é a expresión pura dunha visión do mundo particularmente maniquea: o alcoholismo e a homosexualidade asóciase co comunismo xa que o comunista é a priori alguén anormal ao fracasar na súa aceptación do modo de vida normal -isto, é o americano. E é así para os protagonistas do filme. Skip fere de verdade os sentimentos de Candy cando lle di que é unha "roxa". A antipatía que sente Moe cara os comunistas é aínda máis reflexiva: "Comunistas, que sei eu sobre eles?" brama cando se enfronta con Joey. "Só sei que non me gustan".

Moe ten un aversión igualmente automática no que respecta ás autoridades. "Quen é o baboso?", espétalle ao detective Tiger cando detecta un axente do FBI no seu despacho. "Parece un ladrón de vivendas de pouca monta". Pero por que lle ían a gustar os "roxos" a Moe? É unha emprendedora independente, unha vendedora de información. Un estado policial deixaría sen negocio. Así, *Furto en South Street* incide noutro aspecto da ideoloxía americana. Unha das frases recorrentes do filme, escoitada en diferentes contextos, é "estamos facendo negocios".

O negocio de América son os negocios. Ao ter acadado o Segredo Vital a través do esforzo e a pericia profesional, Skip non pode facer outra cousa que vendelo ao mellor ofertante, se é un verdadeiro americano. De xeito semellante, os prezos da información para Moe adecúanse ao custo da vida. O seu meirande temor é morrer pobre e ter que pasar a eternidade nunha tumba anónima. "Se me enterran nunha foxa común, iso mataríame... teño que seguir vivindo para poder morrer," explica. Moe sabe de máis para romantizar o capitalismo de libre mercado.

(...)

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na
 Gentilha do Pichel (Santa Clara, 21.
 Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

14 DE OUTUBRO

Hollywood vermello
 (Red Hollywood,
 Thom Andersen/Noël Burch,
 EUA, 1996, 118', VOSG)

21 DE OUTUBRO

Furto en South Street
 (Pickup on South Street, Samuel Fuller,
 EUA, 1953, 80', VOSG)

28 DE OUTUBRO

O son da furia
 (The Sound of Fury, Cy Endfield,
 EUA, 1950, 85', VOSG)

29 DE OUTUBRO

GUATEQUE TROPICAL
 Cachán Clube, 21:30h
 Proxección sorpresa
 Conjunto Tropical
 Rolando Bruno
 Primitivo Eiris &
 El Póllegro Enmascarado.
 (Organizado
 polo Restaurante Resas)
 Entrada do concerto 5 Euros